

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

 EDICIONES
COMPLUTENSE
<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62633>

NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ, María Victoria e Carmen MEJÍA RUIZ (coords.); Lidia LÓPEZ TEIXEIRO e Yolanda MORATÓ AGRAFOJO (eds.) (2017): *Homenaje a Alonso Zamora Vicente (1916-2006): Filólogo, escritor, embajador de la lengua española y maestro (Revista de Filología Románica Núm. 34 Especial)*. Madrid: Ediciones Complutense, 245 pp.

O volume 34 Especial (2017) da *Revista de Filología Románica* da Universidade Complutense de Madrid (UCM) está dedicado a unha das figuras máis relevantes da filoloxía románica, o profesor Alonso Zamora Vicente. Así, o volume, coordinado polas profesoras María Victoria Navas Sánchez-Élez e Carmen Mejía Ruiz e editado por Lidia López Teixeiro e Yolanda Morató Agrafojo, é o resultado da celebración das xornadas *Alonso Zamora Vicente. 100 años de su nacimiento*, realizadas en abril de 2016 na Facultade de Filoloxía da UCM.

Estas xornadas, que serviron para conmemorar e (re)descubrir as múltiples facetas de don Alonso: filólogo, escritor, embaixador da lingua española e mestre, tal e como reza o título do volume, agromaron e floreceron grazas ao traballo agarimoso dun grupo de discípulos do mestre que colaboraron activamente na conmemoración dun dos personaxes máis influíntes dentro do panorama da romanística.

Por tanto, por baixo de cadansúa faceta mencionada podemos atopar dentro deste volume da *Revista de Filología Románica* —da que precisamente foi cofundador don Alonso— diversos artigos que contemplan perspectivas totalmente diferentes: desde aqueles que asumen un punto de vista científico, ata os que se presentan como lembranzas persoais; porén, todos eles están relacionados directamente co homenaxeado, xa que coincidien en describir e salientar a enorme influencia académico-persoal que supuxo o gran labor desempeñado polo mestre Zamora Vicente.

A continuación, e coa finalidade de non facer da presente recensión un traballo informativo denso e extenso debido ao gran número de artigos, deterémonos soamente nalgúns deles, co obxectivo de crear unha panorámica xeral sobre a figura do mestre. Con todo, farase mención a todos os artigos que conforman este número especial para que o lector ou lectora teña

constancia daquilo que ficará sen ser desenvolvido, pois así poderá ter unha visión moito máis completa deste número especial.

En primeiro lugar, baixo a faceta de *Alonso Zamora Vicente como filólogo* pódense atopar os seguintes artigos: “Alonso Zamora Vicente, precursor de la dialectología gallega” de Francisco Fernández Rei, “Una mirada a *El habla de Segurilla* (1973) desde la perspectiva actual” de Luis Alberto Hernando Cuadrado, “Alonso Zamora Vicente y Galicia” de Carmen Mejía Ruiz, “«Deshecho el hogar del trabajo»: El espíritu del Centro de Estudios Históricos en la posguerra” de Mario Pedrazuela Fuentes, “Alonso Zamora Vicente y el folklore” de Juan Rodríguez Pastor e “Memoria de Alonso Zamora, filólogo” de Darío Villanueva.

De todos estes agora mencionados, cabe repararmos primeiramente na colaboración do dialectólogo galego Francisco Fernández Rei, quen bosquexa e revisa, por un lado, algúns dos trazos da lingua galega que foron estudados por vez primeira por Zamora Vicente nas décadas do 50 e 60 —tales como o seseo, a gheada, os grupos *-uit- / -oit-* e as variantes da terminación latina *-ANUM-*, así como tamén repara nos anos de Zamora Vicente en Santiago de Compostela. Este breve percorrido que realiza Fernández Rei resulta clave para nos aproximar certamente a unha das figuras pioneiras nos estudos sobre dialectoloxía galega, xa que Alonso Zamora Vicente, no seu interese pola diversidade lingüística, decidiu pasar parte da súa traxectoria profesional investigando nun campo e nunha lingua pouco recoñecidas naquela altura. Non obstante, e a pesar de seren investigacións bastante antigas actualmente, resultan de obrigada consulta para calquera persoa que se interese por esta área de coñecemento sobre a lingua galega, debido ao seu carácter non só pioneiro senón tamén innovador en certos aspectos das súas teses.

Do mesmo xeito, da súa estancia profesional e vital en Galicia, dá conta tamén a profesora Carmen Mejía no seu artigo. Nel, débese como unha vez en Santiago, o mestre, se preocupa pola variación da lingua galega e cales irían ser os seus obxectos de estudo sobre esta lingua. Ademais, Carmen Mejía continúa o percorrido vital do homenaxeado e incide no empeño que este tivo pola diversidade lingüística e por dotar de plenitude un departamento de románicas en plena construción por aquel entón.

Seguidamente, e na mesma liña, tamén cabería destacar a colaboración do filólogo Luis Alberto Hernando Cuadrado, quen presenta unha revisión da súa tesina elaborada nos anos 70, dirixida polo propio Zamora Vicente. Neste artigo, revisa a situación da variedade dialectal na que se atopaba esta aldea de Toledo desde unha perspectiva sociolingüística. Novamente, a pegada de Zamora Vicente é un feito palpable que se trasluce no traballo de Hernando Cuadrado, a través do respecto tanto pola diversidade lingüística como pola sabedoría popular.

En segundo lugar, baixo a faceta de *Zamora Vicente, Escritor* encóntranse os títulos seguintes: “Madrid hacia 1920: Primeras hojas, de Alonso Zamora Vicente” de Elena Cianca Aguilar, “La obra narrativa de Alonso Zamora Vicente y María Josefa Canellada bajo la mirada del censor” de María Victoria Navas Sánchez-Élez y Juan M. Ribera Llopis, “El magisterio de Alonso Zamora Vicente: Salamanca como lección” de José Antonio Pascual Rodríguez, “La propuesta fantástica de Smith y Ramírez S. A.” de Borja Rodríguez Gutiérrez, “Cuentos y novelas: Expresión verbal y creatividad narrativa” de Leonardo Romero Tobar, “Carta abierta a Carmen Mejía. Alonso Zamora Vicente en mi recuerdo” de Jesús Sánchez Lobato, e, finalmente, “AZV, vida de la crítica y crítica de la vida” de Jorge Urrutia.

Ademais de dedicarse á investigación, Alonso Zamora Vicente foi escritor dun importante feixe de títulos literarios. Resulta, pois, interesante ollarmos ao mestre desde esta faceta. Desta maneira, para aquelas persoas iniciadas e coñecedoras da obra de Zamora, o artigo de María Victoria Navas e Juan M. Ribera permite coñecermos, desde a mirada do lector-censor, certas características que o autor evocaba a través da súa obra narrativa. Este traballo ofrece, así pois, unha análise sobre os expedientes da obra de Zamora Vicente, por un lado, e os da súa muller Josefa Canellada, por

outro. En síntese, e deixando de lado a maior parte dos enxuízamentos literarios dos informes para que a persoa interesada poida ler o artigo, para os censores, o autor Zamora Vicente presentábase como un costumista, unha persoa que vivía do recordo e que, a pesar da súa linguaxe directa, non resultaba ser, a diferenza da súa muller, un autor censurable.

Tamén cabe destacar a *Carta abierta a Carmen Mejía. Alonso Zamora Vicente en mi recuerdo*, na que o autor, Jesús Sánchez Lobato, describe desde un punto de vista totalmente íntimo e persoal, as andaduras do mestre en relación coa súa obra, en concreto os *Cuentos con gusano dentro*, a través dos que nos ofrece unha relectura, e nos resalta o valor de poder coñecer con eles o carácter e o pensamento do mestre.

Por outro lado, e tamén desde o íntimo, o escritor Jorge Urrutia trasládanos co seu artigo os trazos definatorios do carácter de Alonso Zamora para co labor como crítico literario. Neste traballo, o escritor recorda como coñeceu a Zamora Vicente e o que supuxo este para el, tanto desde o punto de vista persoal como profesional. Así, na lembranza de diferentes momentos co homenaxeado, o texto céntrase en gran medida no discurso que Alonso Zamora deu no seu ingreso na RAE. Foi aquí, precisamente, onde explica como un filólogo debía afrontar a crítica e onde incidiu na relevancia que supoñía a propia experiencia vital e a cultura popular, tan importantes para o mestre.

En terceiro lugar, os artigos que se engloban dentro da faceta *Alonso Zamora Vicente, Embajador de la lengua española* son os seguintes: “Evocación agradecida” de Marta Baralo e “Alonso Zamora Vicente: Embajador de la lengua española en Escandinavia” de Berta Pallares. En ambos os dous traballos, e a pesar de conter datos significativamente diferentes aínda que complementarios, descríbese o labor de difusión da lingua española e a concepción que don Alonso posuía desta.

Por último, na faceta de *Alonso Zamora Vicente, Maestro* recóllense os seguintes artigos: “Maestros frente a docentes” de Ignacio Bosque, “La primera vez que, en abril de 1973, Jorge Luis Borges visitó la sede de la Real Academia Española y “compartió” con los académicos españoles, según AZV, Secretario perpetuo de la Institución” de Juan Manuel González Martel, “Evocación del Profesor Alonso Zamora Vicente desde la distancia” de Ángel Iglesias Ovejero, “Semblanza de D. Alonso Zamora Vicente” de Juan Mayor

Sánchez, “Lecciones tempranas de un maestro también de Literatura Hispanoamericana” de José Carlos Rovira Soler e “Alonso Zamora Vicente: Mi maestro y yo” de Antonio Viudas Camarasa.

De maneira breve e para deixar a lectura a aquelas persoas interesadas, tal e como se pode deducir polos títulos destas contribucións, todas elas relatan, desde unha visión enteiramente íntima, a personalidade de don Alonso como docente, ao tempo que aproveitan para enaltecelo como unha das figuras máis interesadas polo estudantado e máis renovadoras do ámbito universitario, tanto no campo da investigación como no da docencia.

Así e todo resultan interesantes, por unha parte, o artigo de Juan Manuel González Martel, no que o autor, que naquel momento estaba como colaborador lexicógrafo na RAE, conta como presenciou, xunto con outros, o momento no que Alonso Zamora Vicente recibiu a Jorge Luis Borges nesta institución e lle ensinou, desde a súa particular visión, a historia desta casa. Por outra parte, destacamos o traballo de Juan Mayor Sánchez, no que se destacan as diferentes facetas profesionais do mestre e os diferentes trazos que caracterizaban a súa personalidade, dentro do contexto histórico no que a este lle tocou vivir.

Finalmente, este volume especial está pechado por un magnífico colofón de cartas pertencentes a diferentes organismos que tiveron algún tipo de relación coa figura de Alonso Zamora Vicente. Así, a RAE, a RAG, o Instituto de Lingua Galega, o Institut d’Estudis Catalans,

os Departamentos de Filología Clásica y Románica e o de Filología Española da Universidade de Oviedo, o Instituto Amado Alonso de Buenos Aires, a Academia Română, a Real Academia de Extremadura e a Academia de la Llingua Asturiana sumáronse cos seus escritos á gratitude de todos os participantes das xornadas e do propio volume.

En síntese, como se pode apreciar tras este fragmentado percorrido, todos os artigos van tecendo unha rede perfectamente fiada, na que, baixo esas catro facetas principais que ocuparon a vida de don Alonso Zamora Vicente, todas as persoas colaboradoras recordan o mestre con respectuoso afecto e con ton agradecido polas aprendizaxes que puideron tomar dunha das figuras máis influentes, pioneiras e innovadoras da filoloxía románica.

Destá maneira, e a pesar do carácter predominantemente persoal e íntimo da maioría dos artigos, este número 34 especial da *Revista de Filología Románica* non só é unha homenaxe, se non que tamén é historia e intrahistoria viva do ámbito filolóxico. Con el, coñecemos máis de cerca a figura tanto académica como persoal de Alonso Zamora Vicente, e con ela, da man do homenaxeado, podemos aproximarnos ao estado no que se encontraba a investigación filolóxica naquel momento e a importancia que o mestre tivo para os avances nos estudos romanísticos.

Paula Cousillas Pena
Universidad Complutense de Madrid
paulacou@ucm.es